



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Didáctica. currículo e organización escolar		Código	652609001
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuadriestre	Primeiro	Obrigatoria	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Mendez Garcia, Rosa Maria	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es	
Profesorado	García Cabeza, Belen Mendez Garcia, Rosa Maria Rego Agras, Laura	Correo electrónico	belen.garcia.cabeza@udc.es rosa.mendez@udc.es laura.rego@udc.es	
Web				
Descripción xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da súa práctica no ámbito do sistema educativo.</p> <p>Didáctica, Currículo e Organización Escolar facilita a adquisición de coñecementos epistemolóxicos da Pedagogía, da Didáctica e da Organización Escolar, así como o desenvolvemento de habilidades e destrezas dacordo cunha intervención informada e comprometida coa atención á diversidade.</p> <p>Os principais temas e núcleos de coñecemento que se tratarán están orientados ao estudo da escola como organización, á reflexión sobre o concepto de currículo, e á análise do proceso de ensino-aprendizaxe desde a súa planificación, desenvolvemento e avaliación.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Valorar críticamente as diferentes formas de interpretar a realidade educativa de acordo coas diferentes visións sobre a función social da escola, en conexión cos obxectivos socio-educativos propostos. Comprender e reflexionar sobre a importancia da inclusión da diversidade que circunda as aulas de educación secundaria.	AP1 AP3 AP9	CM4
Comprender a terminoloxía básica, específica e propia da Didáctica, así como os conceptos pertencentes aos compoñentes didácticos do proceso de ensino e aprendizaxe, de modo que sexa capaz de reflexionar con rigor sobre os mesmos e orientar racionalmente a súa futura práctica docente.	AP3 AP9	CM4 CM6
Comprender as diferencias entre a planificación curricular e a programación do proceso de ensino-aprendizaxe. Distinguir os diferentes niveles de concreción curricular e as súas implicacións. Coñecer os diferentes elementos e modalidades de deseño curricular.	AP3 AP4 AP9	CM4 CM6
Coñecer e diferenciar os principios básicos e as características que fundamentan a articulación curricular na actualidade.	AP4 AP9	CM4 CM6
Diferenciar os distintos elementos curriculares. Utilizar diferentes criterios tanto para a análise de grupos, de formulación de obxectivos e de selección e secuenciación de contidos considerándoos como un corpo de coñecementos no marco dun proceso de construcción e reconstrucción progresivo.	AP3 AP4 AP5 AP9	CM4 CM6
Comprender o valor científico e pedagóxico da avaliación no campo do ensino, entendida como unha avaliación eminentemente educativa, formativa e formadora, así como afondar nas relacións entre avaliación, a investigación e a innovación.	AP3 AP4 AP9	CM4 CM6



Profundizar no coñecemento crítico e fundamentado da estrutura e funcionamiento do Sistema Educativo.	AP9		CM4 CM6
Formalizar, sistematizar e integrar os saberes básicos da organización escolar, que permitan comprender a complexidade dos centros educativos, así como analizar e valorar críticamente a súa vida organizativa.	AP9		CM4 CM6
Coñecer algúns dos modelos más relevantes da organización escolar e comprender a importancia do contexto organizativo no proceso de ensino-aprendizaxe.	AP9		CM4 CM6

Contidos	
Temas	Subtemas
Módulo I. A participación, xestión e avaliación nos centros de ensino secundario.	<ul style="list-style-type: none"> - O organización do sistema educativo español. - As dimensións (organizativa, procesual, persoal, cultural e da contorna) dun centro educativo.
Módulo II. Funcións e concepcións do currículo.	<ul style="list-style-type: none"> - Os elementos do currículo. - As concepcións sobre o currículo: enfoques e elementos de análise. - O oculto e o manifesto da aprendizaxe escolar.
Módulo III. Deseño, desenvolvemento e avaliação do currículo.	<ul style="list-style-type: none"> - Do currículo prescrito ao currículo contextualizado: niveis de concreción curricular. - A planificación e o desenvolvemento do currículo. - A avaliação: tipos, obxectos e instrumentos.
Módulo IV. Modelos de ensino e metodoloxías didácticas.	<ul style="list-style-type: none"> - O concepto de didáctica. - Os modelos e métodos de ensino. - As estratexias metodolóxicas no ensino secundario. - Os materiais curriculares: tipos, selección, análise e uso.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A3 A4 A5 A9 C4 C6	4	22	26
Portafolios do alumno	A4 A5 C4 C6	10.5	34.5	45
Proba mixta	A1 A5 A9 C4 C6	1.5	8	9.5
Sesión maxistral	A1 A3 A4 A5 A9 C4 C6	16	12	28
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Lecturas	Establécese unha serie de documentos (textuais, audiovisuais, etc.) de revisión obligatoria (consúltense Fontes de Información) que serán a base de referencia sobre o tratamiento dos contidos que se estudiarán en torno aos diferentes núcleos temáticos da materia. O alumnado -previa lectura individual- deberá estar en capacidade de realizar a súa análise en pequeno grupo e grupo-aula. Ditas lecturas terán como obxectivo promover e incentivar a reflexión en torno aos procesos educativos escolares e a súas implicacións prácticas e aplicadas no contexto do centro educativo e no contexto aula.



Portafolios do alumno	<p>Durante o transcurso da materia proporanse algunas actividades de aula especificamente deseñadas para a análise en pequeno grupo dalgúns dos documentos más relevantes. A realización destas actividades iniciarase na aula e será completada mediante o traballo autónomo do alumnado fóra da aula. Para esta elaboración atenderase ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada da profesora aos diferentes grupos, ben nas sesións interactivas, ben en titorías. Para a realización destas análises tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia como outros complementarios, propostos polo alumnado ou a profesora. Os documentos resultantes da análise entregaranse nas datas que a profesora indique previamente e quedarán dispoñibles para a súa consulta na plataforma Moodle.</p> <p>O alumnado, en pequeno grupo, deberá elaborar un portafolios que, ademais de enmarcar os mencionados documentos de síntese das mencionadas actividades de aula, incorpore un diario de aula (con entradas de elaboración individual) e unhas valoracións finais. As reflexións que nos apartados se integren deberán estar fundamentadas e argumentadas nos documentos de referencia da materia así coma noutras que o alumnado e a profesora consideren oportunos.</p> <p>Ao inicio do curso proporcionarase un guión pormenorizado do portafolios. O portafolios desenvolverase fundamentalmente en periodos non presenciais e mediante o traballo autónomo do alumnado. A través da atención personalizada da profesora, os diferentes grupos, ben en sesións interactivas específicas, ben en titorías, recibirán indicacións concretas para a realización. O portafolios resultante será entregado na data que a profesora indique previamente e quedará dispoñible para a súa consulta na plataforma Moodle.</p>
Proba mixta	A proba mixta constituirá unha actividade final a través da cal o alumnado deberá dar resposta a unha ou varias cuestións relacionadas coa totalidade de contidos tratados ao longo da materia.
Sesión maxistral	Mediante as sesións maxistrais traballaranse os contidos que conforman o marco teórico-práctico a partir da exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construcción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Portafolios do alumno	1. As dúbdas e demandas de orientación que xurdan das sesións expositivas, análise de fontes documentais, lecturas, actividades e preparación do exame, serán atendidas pola profesora da materia durante o horario de titorias fixado de forma oficial.
Lecturas	
Proba mixta	2. De maneira más específica, e no marco das sesións interactivas, a profesora ofrecerá atención personalizada mediante a que levará o seguimento e orientación das actividades que se realicen ao longo do cuatrimestre. 3. Como a realización do portafolio é o traballo principal da materia e ten un peso importante na avaliação desta, cada grupo (ou alumno/a, de o realizar de maneira individual) deberá obligatoriamente solicitar unha titoría, fóra do horario de docencia presencial da materia. 4. Esta proposta de atención personalizada é extensible ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, que faga uso de dita dispensa.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación



Portfolios do alumno	A4 A5 C4 C6	<p>Para avaliar os portfolios teranse en conta aspectos ligados á estrutura e contido deste.</p> <p>a) Estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva e seguimento de normas de citación-referenciación.</p> <p>b) Contido: comprensión de ideas básicas, dominio conceptual, uso das fontes traballadas no tratamento dos contidos ao longo do cuadrimestre así coma outras de interese e a adecuada xestión das mesmas.</p> <p>* Serán proporcionados criterios detallados no momento de entrega do trabalho.</p> <p>* A cualificación final deste trabalho podrá ser diferente para cada integrante do pequeno grupo. Unha parte da puntuación respostará ao trabalho que se realice de modo grupal; e outra, ás entradas individuais do diario.</p> <p>* Ademais, para matizar a cualificación do portfolios valorarase o trabalho realizado polo alumnado a nivel de pequeno grupo ao longo de todo o curso.</p>	70
Proba mixta	A1 A5 A9 C4 C6	A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia.	30

Observacións avaliación

Nas presentacións orais ou escritas deberase atender a criterios de integridade académica (xestión adecuada de referencias bibliográficas e información de terceiras persoas); ademais procurarase o uso dunha linguaxe non discriminatoria. O mestrado ten carácter presencial polo que a asistencia ás sesións non poderá ser inferior ao 80% das horas. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, que faga uso de dita dispensa, deberá entregar as actividades e os portfolios no mesmo tempo e forma que o resto do alumnado e resolvelas de modo individual. Se un/unha alumno/a cuxa asistencia é regular non acude á clase o día de realización dalgúnha actividade, deberá desenvolvela e entregala individualmente. Esta incorporarase tamén ao portfolios. O portfolios entregarase na data que se indique ao inicio do curso. Para presentarse ao exame é condición indispensable ter presentado o portfolios e as actividades de síntese das lecturas. Coa fin de facilitar a xestión da materia e o seguimento do alumnado será obligatoria -antes da segunda semanal ectiva- a actualización do perfil persoal da plataforma Moodle, insertando unha foto actual. Para superar a materia é necesario obter unha puntuación mínima do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación ("portfolios do alumno" e "proba mixta"). Dado que á materia é impartida por diferentes docentes, poderán existir variacións intergrupais no formato do exame final, no tipo de actividades de aula e na orde depresentación de contidos. Na 2ª oportunidade, os criterios de avaliación serán os mesmos que os propostos para a 1ª convocatoria.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>NOTA: Esta bibliografía é susceptíbel a modificacións a medida que avanza o curso académico. Realizarase unha selección de títulos da listaxe final, selección que estará disponible na Moodle e que será de lectura obligatoria.</p> <p>Álvarez, J. M. (1999). <i>Evaluar para conocer, evaluar para aprender: las razones formativas de la evaluación educativa</i>. En J.M. Álvarez, <i>Evaluar para conocer. Examinar para excluir</i> (pp. 58-61). Madrid: Morata. Area,M. (2009). Los medios de enseñanza o materiales didácticos. Conceptualización y tipos. <i>Introducción a la tecnología Educativa</i>, 24-37. Recuperado de http://www.bibliotecalibre.org/bitstream/001/415/5/Introducci%C3%B3n%20a%20la%20tecnolog%C3%ADa%20educa tiva.pdf Barkley, E. F.; Cross, K. P. e Howell, C.(2007). <i>Técnicas de aprendizaje colaborativo</i>. Madrid: Morata. Espín, J. e outros (1996). <i>Análisis de recursos educativos desde la perspectiva no sexista</i>. Barcelona: Laertes. Fuentes, E. J. (2003). <i>Culturas profesionales en la enseñanza y desarrollo profesional de los docentes</i>. Revista Padres y Maestros , 279, 34-39. Gimeno Sacristán, J. (1998). <i>El currículum: una reflexión sobre la práctica</i> . Madrid: Morata. González, Mª. T. (1992). <i>Centros escolares y cambio educativo</i>. En J.M. Escudero e J. López (Coords.), <i>Los desafíos de las reformas escolares. Cambio educativo y formación para el cambio</i> (pp. 71-95). Sevilla: Arquetipo. González, Mª. T. (1999). <i>Perspectivas teóricas recientes en organización escolar: una panorámica general</i>. En J.M. Escudero, <i>Escuelas y profesores: ¿hacia una reconversión de los centros y la función docente?</i> (pp.35-59). Madrid: Ediciones Pedagógicas. González, Mª T. (2003) (coord.). <i>Las organizaciones escolares: dimensiones y características</i>. En M. T. González, <i>Organización y gestión de centros escolares</i> (pp. 25-38). Madrid: Pearson. Hargreaves, A. e Fullan, M. (2014). <i>Cultura y comunidades profesionales</i>. En A. Hargreaves e M. Fullan, <i>Capital profesional</i> (pp. 134-177). Madrid: Morata. Hargreaves ,A. e Fullan. M. (2014). <i>Instaurar el cambio</i>. En A. Hargreaves e M. Fullan, <i>Capital profesional</i> (pp. 178-216). Madrid: Morata. López, L.; Peliquín, F.; Pérez, C. e Rodeiro, M. (1995). <i>Análise e valoración de materiais curriculares</i>. Revista Galega de Educación, 24, 58-60. Martínez, J. (1995). <i>Interrogando al material curricular (Guía para el análisis y la elaboración de materiales para el desarrollo del currículum)</i>. En J. G. Mínguez e M. Beas (Comps.), <i>Libros de texto y construcción de materiales curriculares</i> (pp. 221-245). Armilla: Proyecto Sur de Ediciones. Montanero, M. (2019). <i>Didáctica General. Planificación y práctica de la enseñanza primaria</i>. Cáceres: Universidad de Extremadura. Navarro, R.(coord.) (2007). <i>Didáctica y currículum para el desarrollo de competencias</i>. Madrid: Dykinson. Parcerisa, A. (1996). <i>Propuesta de un instrumento para el análisis de libros de texto y otros materiales que utilizan el papel como soporte</i>. En A. Parcerisa Arán, <i>Materiales curriculares. Cómo elaborarlos, seleccionarlos y usarlos</i> (pp.97-124) Barcelona: Graó. Sarramona, J. (2000). <i>Teoría de la educación: reflexión y normativa pedagógica</i>. Barcelona: Ariel. Trillo, F. (1994). <i>El profesorado y el desarrollo curricular: tres estilos de hacer escuela</i>. Cuadernos de Pedagogía , 228, 70-74. Trillo, F. (2008). <i>La enseñanza: eso sí que es un lío</i>. En F. Trillo e L. Sanjurjo, <i>Didáctica para profesores de a pie. Propuestas para comprender y mejorar la práctica</i> (pp. 57-67). Rosario: Homo Sapiens. Lexislación Lei Orgánica 8/2013, para a mellora da calidad educativa (BOE,suplemento en lingua galega ao nº 295, 10/12/2013). Versión on-line consultada en http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886-G.pdf Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE nº106, 04/05/2006). Versión on-line consultada en http://www.boe.es/boe/dias/2006/05/04/pdfs/A17158-17207.pdf Decreto 86/2015 , do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na comunitade autónoma de Galicia (DOG nº 120, 29/06/2015). Versión on-line consultada en http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/content_type/news/2015/06/30/00_decreto_completo.pdf Decreto 324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de ensino secundario (DOG nº 156,09/08/1996). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19960809/Anuncio90AA_es.html Decreto 1333/2007 de 5 de xullo polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGNº 136, 13/07/2013). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/linguagalega/archivos/Ref.ED_7.pdf Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº120, 23/06/2008). Versión on-line consultada en http://ciug.cesga.es/PDF/ReferenciasLegais/Decreto126-2008curriculoBacharelatoLOEGalicia.pdf Orde do 29 de outubro de 1996 pola que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario de características singulares, de educación especial e educación de adultos (DOG nº215, 04/11/1996). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19961104/AnuncioB14E_gl.html Orde do 1 de agosto de</p>
---------------------	--



1997 pola que se dictan instruccions para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamiento (DOG nº168, 02/09/1998). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/dog/Publicados/1997/19970902/AnuncioA14A_gl.html. Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº4, 07/01/2008). Versión on-line consultada en http://www.edu.xunta.es/centros/iessanpao/system/files/080107DOG_RegulacionAvaliacionESO.pdf Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº121, 24/06/2008). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/dog/Publicados/2008/20080624/Anuncio29FEA_gl.html Orde do 20 de abril de 2010, pola que se modifica a Orde do 24 de xuño de 2008, pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 77, 26/04/2010). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/dog/Publicados/2010/20100426/Anuncio11916_gl.html Orde do 5 de maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa (DOG nº 105, 01/06/2011). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110601/AnuncioC3F1-100511-1447_gl.html Corrección de erros. Orde do 5 de maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa (DOG nº 144, 28/07/2011). Versión on-line consultada en http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110728/AnuncioC3F1-220711-4737_gl.pdf Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG nº 136, 21/07/2015). Versión on-line consultada en https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20150721_materias_libre_configuracion.pdf. Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG nº 147, 04/08/2016). Versión on-line consultada en https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20160804_libre_configuracion_1.pdf. Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG nº 156, 18/08/2017). Versión on-line consultada en https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20170818_libre_configuracion_1.pdf. Orde do 7 de agosto de 2018 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG nº 165, 30/08/2018). Versión on-line consultada en https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20180830_libre_configuracion_0.pdf. Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria. Versión on-line consultada en <http://www.edu.xunta.es/web/node/328>



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Innovación docente/652601E11

Practicum/652601106

Traballo fin de Mestrado/652601107

Observacións

Coa finalidade de contribuir ao desenvolvemento das competencias dixitais docentes (especialmente vinculados coa Alfabetización Informacional -ALFIN- e a curación e producción de contidos dixitais) dende esta materia recoméndase ao alumnado a construcción dun banco de recursos dixitais persoal no que poida organizar e categorizar material de interese para o desenvolvemento da materia (artigos científicos, experiencias, ferramentas e aplicacións didácticas, páxinas web institucionais vinculadas coa educación escolar, blogues especializados e de boas prácticas, etc). Recoméndase para iso, o uso de marcadores sociais ou aplicacións dixitais específicas que lles permitan categorizar ou asignar etiquetas coas que mellorar a súa clasificación e consulta posterior. Todo iso resultaralle de gran interese á hora de contrastar a teoría e a práctica educativa mediante o Practicum do Mestrado, así como para construír a fundamentación teórica do futuro Traballo Fin de Mestrado (TFM). Recoméndase que a entrega dos traballos sexa feita a través da plataforma Moodle e -de non ser posible- non empregar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e dében previr impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Ante a incorporación de ?Igualdade de Xénero? como materia de libre configuración autonómica no curso 2016/2017 na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e a materia ?Coeducación para o século XXI? na etapa de Bacharelato no 2018/2019, na materia de Didáctica, Currículo e Organización Escolar tratarán de desenvolverse obxectivos, contidos e actividades tendentes á formación do futuro profesorado en cuestiós relativas á concienciación sobre a violencia de xénero, a igualdade entre mulleres e homes e a coeducación. Debido a isto, recoméndase ao alumnado, empregar unha linguaxe inclusiva, contemplar a perspectiva feminista nos seus traballos e entregas de aula e evitar a manifestación de calquera tipo de discriminación, prexuízo ou minusvaloración por razón de xénero no contexto desta materia.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías